



<http://www.ciberlingua.org>

GUÍA DE ELEMENTOS TÉCNICOS

Internet é unha grande rede de ordenadores interconectados entre si. Estes ordenadores poden compartir datos ou utilizar outra serie de servizos que permiten a comunicación entre os seus usuarios. O servizo máis coñecido da Internet é a WWW ou World Wide Web, é dicir, o servizo de páxinas web. Estas páxinas son documentos cunha serie de peculiaridades que veremos de seguido:

➤ Hipervínculos (natureza hipertextual):

As páxinas web están entrelazadas entre si a traveso dunhas marcas chamadas hipervínculos que nos levan de unhas a outras, creando a sensación de “estarmos navegando” pola rede.

Os vínculos poden atoparse tanto en texto como en imaxes completas ou partes definidas destas e poden levarnos tanto a outra páxina dentro do mesmo sitio web como a sitios totalmente diferentes.

➤ Menús e barras de navegación:

Para facilitar o percorrido por unha páxina e a nosa orientación dentro da mesma, a maioría das webs dispoñen de algunha sorte de menú ou barra de navegación que nos permite dirixirnos ós diferentes sitios da páxina así como coñecer en cada momento a nosa ubicación dentro da mesma. Tamén é frecuente a presenza de mapas que ilustren graficamente toda a organización do site.



GALEGO 2 I.org





<http://www.ciberlingua.org>

➤ Elementos gráficos:

As imaxes son un elemento fundamental das páxinas web. A nivel técnico imos distinguir entre as imaxes decorativas ou informativas e aquelas que teñen unha función dentro da navegación e o funcionamento da páxina web, ás que imos chamar iconas. As iconas adoitan ser imaxes de pequeno tamaño, que evocan a función de navegación que teñen asignada (por exemplo unha lupa para o buscador ou un sobre para o correo) e seguen unha liña gráfica moi definida e acorde co estilo visual da páxina.

➤ Frames ou páxinas dentro de páxinas:

Os frames é unha división do campo visual dunha web en zonas diferenciadas, cada unha das cales estará integrada por unha páxina web diferente. Utilízanse principalmente para separar os menús dos contidos, posto que o funcionamento autónomo de cada unha das páxinas vai permitir que os menús estean sempre visibles.

➤ O código fonte, na alma das webs:

As páxinas web están elaboradas sobre diferentes linguaxes informáticas, sendo o .html o máis coñecido deles. Neste curso non imos aprender a xerar código, senón que empregaremos un editor, é dicir, unha ferramenta que nos vai permitir traballar directamente coa aparencia visual final da páxina sobre o navegador, xerándose o código de forma automática.



GALEGO 2 I.org

